

INFORMACIÓN FONDO DE LIBROS, AXUDAS DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2023/24

ORDE do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H).

- A solicitude presentárase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario ED330B anexos I e II. Opcionalmente, poderá presentar as solicitudes presencialmente nos centros.
- O prazo será do 20 de maio ao 21 de xuño de 2023.
- A solicitude **será única** para todos os fillos e todas as axudas, indicando o nivel de estudos de cada un deles (sempre que todos os fillos cursen os estudos no mesmo centro en caso contrario deberá entregarse a solicitude nos dous centros).
- Documentación a entregar:
 - **Solicitude por duplicado**, debidamente cuberta e asinada.
 - Copia do libro de familia onde figuren os membros da unidade familiar.
 - No caso de discapacidade, documentación acreditativa.
 - No caso de separación ou divorcio, sentenza e convenio regulador...

AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:

- Están destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de Ed. Primaria. A contía para adquirir libros de texto, é a seguinte:
 - Alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€: 240€
 - Alumnado con renda per cápita superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: 160€

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:

- Están destinadas para alumnado de Ed. Primaria. (De 1º a 6º). A contía é a seguinte:
 - Alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€: 75€
 - Alumnado con renda per cápita superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: 60€
- A aplicación xerará un vale que será entregado á familia para adquirir os materiais escolares no establecemento da súa elección, asinándoo no momento da recepción do material. Se o importe da venda fose superior ao do vale, a diferenza será aboada polo solicitante.